



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

Estimadas familias:

Dende a Asociación de Pais de Alumnos (A.N.P.A.) queremosvos dar a benvida a este novo curso escolar 2016-17, e solicitarvos, como todos os anos, a vosa colaboración na proposta e organización das distintas actividades que dende esta Asociación poidan ser suscitadas ao longo do curso. Tede en conta que todo o que os pais e nais podamos facer para mellorar a educación dos nosos fill@s, será sempre no seu beneficio e, polo tanto, tamén no noso propio.

Para aqueles que sodes novos no centro, dicirvos que o A.N.P.A. é o órgano de representación dos pais e nais na comunidade escolar e, en gran medida, no Consello Escolar, no cal tómanse decisións que afectan directamente á educación dos nosos fill@s. Ademais, tamén organizamos actividades extraescolares, festas e colaboramos co profesorado en todo o que nos sexa posible.

Ademais de darvos a benvida, queremos convocarvos a tod@s para á primeira Asemblea Xeral de Socios, que terá lugar no comedor do colexio o día 10 de outubro, ás 17:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. PROGRAMA PARA O CURSO 2016-2017
2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
3. INFORMACIÓN SOBRE OS UNIFORMES
4. ESTADO DAS CONTAS
5. INFORMACIÓN ALMORZOS
6. COMISIÓN INFANTIL
7. PREGOS E SUXESTIÓNS

1. PROGRAMA PARA O CURSO 2016-2017

Como sabedes, ó final do curso pasado revisamos con vos a actuación da Asociación durante o curso pasado, onde tamén votamos algunhas novidades para incluír no programa deste curso que comeza agora. Tamén anunciamos nesa mesma reunión que de acordo cos estatutos da Asociación, **será o último curso que lle corresponde a esta directiva exercer coma tal**, polo que durante o curso, e especialmente nos últimos dos meses, será necesario ir facendo o correspondente relevo de forma gradual, para deixar todo formalizado antes do 30 de xuño de 2017, data na que se fará oficial o cese da actual directiva como tal. Lembramos como dixemos na reunión, que é moi importante facer o cambio de forma gradual, estando con nós no/s último/s mes/es do curso para que os que veñan



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

poidan ver como funciona todo, pois nos temos a experiencia do ano que entramos no que tivemos que formalizar de novo a alta da asociación, e é un proceso que da moito traballo.

Nesa reunión queremosvos dar a coñecer as novidades que temos pensado incorporar no novo curso que comeza, por elo vos adiantamos un resumo nesta convocatoria.

Novidades Curso 2016-2017

A. En canto á comunicación e fomento da participación d@s soci@s

Como principal novidade, organizaremos a demandada xuntanza coas familias socias, na que haberá un espectáculo de maxia que ademais de entreter ós mais nov@s, agardamos que entreteña ós asistentes de tódalas idades. A xuntanza ademais a trataremos de facer no primeiro trimestre e así servirá tamén para dar a benvinda ás novas familias do centro.

Neste punto seguiremos sendo todo o proactivos que podiamos informando a través das canles que creamos o curso pasado, blogue e facebook, e que tan bo resultado nos deron nas vosas valoracións. Para os que veñades novos, as canles nas que nos podedes seguir, ademais de polo mail anpa.vilaboa@gmail.com, son:

<https://anpavilaboa.wordpress.com/>

<https://www.facebook.com/anpa.vilaboa.7>

O número de reunións trataremos de que sexan ó menos unha por trimestre, ás que vos convocaremos cunha semana de antelación para que podades tratar de organizarvos e asistir.

O obxectivo a longo prazo da ANPA é que todas as familias do colexio sexan socias, e non só as dos nenos que van a actividades. É moi importante destacar que a ANPA é o órgano de representación de pais e nais na comunidade escolar, e a participación de todos os membros é necesaria para o beneficio dos nosos fillos e de nos mesmos. Non obstante, por si a mensaxe anterior non é suficiente (;-) , vos seguiremos invitando a que nos **enviedes ideas para poder poñer en valor o feito de ser socio da ANPA**. A nosa idea é volver a implantar o carné de socio, pero que con el, ademais de ter descontos nas actividades, podamos ter algunhas vantaxes mais en compras, festas, e todo tipo de actividades que valoredes positivamente como para facerse socio sen pensalo. Neste punto estivemos traballando xa o curso pasado para incorporar varias vantaxes, e tamén tivemos moi en conta o resultado da enquisa onde valorastes a propostas feitas na última reunión do curso, e por elo, este curso, ademais das vantaxes que xa tiñamos nalgúns locais e que podedes ver no noso blogue, incorporamos as seguintes novidades:



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

- Talleres gratis para os socios: Taller de Nadal, Taller máscaras de Entroido, Taller día do pai, Taller día da nai, e algúns mais que estamos a preparar e que vos iremos contando. As prazas obviamente serán limitadas por taller, pero vos avisaremos con tempo para apuntarvos.
- Descontos en comercios, onde nos estamos a coordinar coas demais ANPAS de Culleredo para tratar de incluír algún mais os que xa temos, centrándonos nos que valorastes máis: librerías, aniversarios infantís e roupa infantil.
- Desconto no uniforme do colexio de entre o 5% e o 10%.
- Seguiremos a facer un regalo no fin de curso os nenos socios. O curso pasado foi un conto e este curso trataremos de repetir cun regalo na mesma liña
- Trataremos de organizar cursos e obradoiros para nais e pais como o que fixemos o curso pasado de SVB/DESA, aínda que esta parte dependerá en gran medida das propostas que nos cheguen
- Faremos unha aportación á excursión de 6º, votando en asemblea previa se a aportación a faremos só para os socios ou para todo o curso
- Descontos en permanencia e madrugadores, incluíndo a nova opción de servizo de permanencia diario. Ademais os socios xa non teñen que pagar o seguro porque estarán cubertos polo da Anpa
- A maiores, trataremos de obter algún desconto en eventos culturais non organizados pola ANPA, para o que trataremos de coordinarnos coas outras Apas do Concello e co Concello.

B. En canto ás actividades extraescolares

Tratouse de manter todas as **actividades do ano pasado co mesmo horario**, para que os cambios non vos supoñan un problema os que xa estades pensando en repetir coas mesmas actividades. Ademais das actividades do ano pasado, buscáronse mais actividades complementarias co obxectivo de que houbera polo menos dúas opcións na oferta para cada hora por grupo de idade, e que sexan un complemento ó tipo de actividade que xa temos. Así, **incorpóranse á oferta ás seguintes actividades: teatro, ponte ó día, francés, ballet, robótica, xadrez e breakdance.**

Finalmente e tras tratar dito punto na última reunión do curso pasado, implantaremos o **procedemento do punto de encontro para o intercambio dos nen@s entre actividades**. As monitoras que o viñan facendo con prezo adicional que acordaban coas familias, non o seguirán a facer este curso polo que este sistema se fai imprescindible para que as nais e pais non teñas que vir ó colexio para trasladar ós nen@s no intercambio de actividades das 17:00. Na reunión se presentou unha primeira versión de documento que durante o mes de setembro deberá ser completado coas



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

aportacións construtivas sobre o mesmo das familias ó correo da ANPA, os monitores e a dirección do centro, que lle dará a súa validez final para aplicarse dende o inicio das actividades o 3 de outubro.

C. En canto ás infraestruturas do colexio

O curso pasado coordinamos ás peticións das familias en relacións a diferentes temas relacionados coas infraestruturas, dando algúns deles os seus froitos dende as cousas mais pequenas como pintar un paso de cebra ou quitar os nidos das abellas, ate melloras mais importantes como as reformas do parque infantil, a cuberta do patio, ou a tan demandada durante anos, ampliación do comedor con aseos para que os nenos podan lavar as mans e os dentes. Estamos contentos con elo e como seguemos pensando que para obter resultados é preciso focalizar nas cousas mais importantes, este curso nos centraremos na **mellora da climatización do aulario**, na que fixemos varias accións durante o curso pasado pero que non deron os froitos que tivemos noutras accións. Trataremos de seguir insistindo ás administracións da importancia da adecuada climatización de dito edificio, así como na reparación definitiva das súas goteiras. Tamén temos que seguir as accións comezadas no curso pasado, como a reparación das inundacións que se xuntan na entrada do colexio cando chove, ou o seguimento dunha nova organización no comedor para que se usen os novos espazos que tanto custou conseguir.



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este sería o calendario de actividades extraescolares para o curso 2016/17.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00- 17:00	CAPOEIRA I E II	INGLÉS IA	CAPOEIRA I E II	PREDEPORTE	NENOS MINI
	JUDO I	BAILE II	JUDO I	BAILE II	PONTE O DIA I E II
	TALLER DE ARTE II	PONTE O DIA I E II	COCIÓN II A	PONTE O DIA I E II	BREAKDANCE I
	COCIÓN IIB	TEATRO I	PONTE O DIA I E II	ROBOTICA I	
	PONTE O DIA I E II	INGLÉS IA	INICIACIÓN FRANCES	INGLÉS TRINITY	
	INGLÉS TRINITY	INGLÉS IIB	INGLÉS IB	INGLÉS IIB	XADREZ
17:00- 18:00	TALLER DE ARTE I	BAILE I	COCIÓN I	BAILE I	
	JUDO II	TEATRO II	JUDO II	BALONCESTO	
	BALLET I E II	NENOS JUNIOR		NENOS JUNIOR	BREAKDANCE II
	INGLES IIA	NENOS MASTER	INGLÉS IIA	NENOS MASTER	
				ROBOTICA II	
18:45 - 19:30			NATACIÓN		

JUDO: no caso de asistir a esta actividade varios irmáns, o segundo aboarí 16€. Hai un pago único no mes de novembro para federar @s nen@s a través do monitor.

NENOS: pago inicial de matrícula/material para novos alumnos de 39€. A matrícula é por familia.

TALLER DE ARTE: o material necesario para realizar actividade está incluído no prezo.

TEATRO: é impartido pola compañía de teatro e danza "El Ruiseñor" (<http://elruisenor.jimdo.com/>)

PONTE O DÍA: clases de apoio, onde os nenos poden facer os deberes, repasar materias...



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

Actividade	Instalación	horas	Prezo Mensual		Nº Alumnos		Idades
			Socio	Non Socio	Mínimo	Máximo	
BAILE I	Aulario Infantil	2h	10,00	15,00	10	-	Infantil e 1º Primaria
BAILE II	Aulario Infantil	2h	10,00	15,00	10	-	De 2º a 6º Primaria
BALONCESTO	Polideportivo Colexio	1h	10,00	15,00	6	-	Primaria
BREAKDANCE I	Aulario Infantil	1h	12,00	18,00	6	15	Infantil e 1º Primaria
BREAKDANCE II	Aulario Infantil	1h	12,00	18,00	6	15	De 2º a 6º Primaria
CAPOEIRA I y II	Aulario Infantil	2h	11,00	16,00	-	20	Infantil e Primaria
COCIÑA I	Comedor	1h	12,00	18,00	9	12	Infantil e 1º Primaria
COCIÑA II	Comedor	1h	12,00	18,00	9	12	De 2º a 6º Primaria
JUDO I	Polideportivo Colexio	2h	18,00	27,00	15	-	Infantil e 1º, 2º, 3º Primaria
JUDO II	Polideportivo Colexio	2h	18,00	27,00	15	-	4º, 5º, 6º Primaria
NATACIÓN	Piscina Rialta	45min	23,00	35,00	10	30	Infantil e Primaria
NENOS JUNIOR 1	Aula Colexio	2h	39,00	59,00	8	15	1º, 2º, 3º Primaria
NENOS MASTER	Aula Colexio	2h	39,00	59,00	8	15	4º, 5º, 6º Primaria
NENOS MINI	Aula Colexio	1h	29,00	44,00	8	12	Infantil e primaria
PONTE O DIA	Aula Colexio	1h	12,00	18,00	6	18	Infantil e primaria
		2h	18,00	27,00	6	18	
		3h	24,00	36,00	6	18	
		4h	28,00	42,00	6	18	
		5h	32,00	48,00	6	18	
PREDEPORTE	Polideportivo Colexio	1h	10,00	15,00	6	-	Infantil
TALLER DE ARTE I	Aula Colexio	1h	15,00	23,00	6	15	Infantil e 1º Primaria
TALLER DE ARTE II	Aula Colexio	1h	15,00	23,00	6	15	De 2º a 6º Primaria
TEATRO I	Comedor ó aula	1h	12,00	18,00	10	15	5º Infantil e 1º Primaria
TEATRO II	Comedor ó aula	1h	12,00	18,00	10	20	De 2º a 6º Primaria
XADREZ	Aula Colexio	1h e 30min	13,00	20,00	5	12	Primaria
INICIACIÓN O FRANCÉS	Aula Colexio	1h	15,00	23,00	12	15	4º, 5º, 6º Primaria
ROBÓTICA I	Aula informática	1h	18,00	27,00	8	15	Infantil
ROBÓTICA II	Aula informática	1h	18,00	27,00	8	15	Primaria
INGLÉS I	Aula	1h	16,00	24,00	10	15	Infantil
INGLÉS II	Aula	2h	30,00	45,00	10	15	1º, 2º de Primaria
INGLÉS TRINITY	Aula	2h	30,00	45,00	10	15	3º, 4º, 5º, 6º Primaria
BALLET I E II	Aulario	1h	10,00	15,00	15	30	Infantil e Primaria



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

Os datos marcados con asterisco(*) son obrigatorios

ALTA SOCIO E/OU ACTIVIDADES			DATA	
			HORA	
*DNI				
*NOME		*APELIDOS		
EMAIL		*TELÉFONO		
<input type="checkbox"/> Permite envío de información por correo electrónico				
<input type="checkbox"/> Consinte o uso das imaxes nas que aparezan, realizadas durante o transcurso das diferentes actividades xestionadas polo ANPA				
<input type="checkbox"/> Consinte a inclusión dos alumnos o seu cargo no seguro de accidentes contratado polo ANPA.				

PERSOAS AUTORIZADAS PARA RECOLLER AOS ALUMNOS/AS Á SAÍDA DAS ACTIVIDADE (maior de idade)	
NOME	DNI

ALUMNO/A			
NOME		APELIDOS	
CURSO			
<input type="checkbox"/> ALTA ACTIVIDADES / <input type="checkbox"/> BAIXA ACTIVIDADES			

ALUMNO/A			
NOME		APELIDOS	
CURSO			
<input type="checkbox"/> ALTA ACTIVIDADES / <input type="checkbox"/> BAIXA ACTIVIDADES			

ALUMNO/A			
NOME		APELIDOS	
CURSO			
<input type="checkbox"/> ALTA ACTIVIDADES / <input type="checkbox"/> BAIXA ACTIVIDADES			

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, lle informamos que os datos persoais recollidos no presente documento serán incluídos nun ficheiro do que é titular esta entidade e serán usados tan só con fins de xestión interna da asociación e para a prestación dos servizos propios de esta. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio xa que en caso de non ser proporcionados non sería posible cumprir coa finalidade antes indicada. Os interesados poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no domicilio de **ANPA VILABOIA, CEIP SOFÍA CASANOVA**, situado en Rutis - Vilaboa, s/n Vilaboa 15174 (Culleredo, A Coruña)

FIRMA



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. A cota de socio será de 20€ anuais nun único pago que será realizado no momento de formalizar a inscrición.
2. **As actividades comezan o 3 de outubro** e rematan o último día lectivo do curso. Os días non lectivos do curso non se impartirán ningunha das actividades. Todas as actividades se imparten no centro de 16:00 a 18:00, a excepción de natación.
3. As actividades se levarán a cabo sempre que haxa un número mínimo de alumnos. Se o número de solicitudes supera o número de prazas, **terán preferencia**, en primeiro lugar, **os socios do ANPA**, e logo, **por estrito orden de inscrición**. Unha vez cubertas as prazas, se pasará a lista de espera, por se houbera espazo e número de nenos suficientes para abrir un segundo grupo.
4. As **altas** se farán na **oficina do ANPA**. No caso de baixas pode realizarse tamén deixando o impreso firmado no buzón do ANPA ou enviándoo ao correo do anpa (anpa.vilaboa@gmail.com)
5. **Inscrición: a partir do 19 de setembro**. As listas das actividades cos nomes dos nenos/as admitidos se publicará no taboleiro de anuncios o 27 de setembro.
6. Horario ampliado ANPA: do 19 ao 28 de setembro (de 9.00 a 10:00 e de 16:00 a 17:00)
7. **Os pagos faranse trimestralmente** por transferencia bancaria, na primeira semana de outubro, de xaneiro e de abril. O pago pode realizarse tamén anual (primeira semana de outubro)
Número de conta: **ES58-2080-0065-3430-4000-2920**
8. No primeiro trimestre as baixas ou modificacións deben realizarse o día 28 de setembro. Nos outros dous trimestres, **as modificacións se deberán tramitar durante o trimestre anterior, como último día, antes do día 25 do último mes**. Facelo fora de prazo implica o pago do trimestre, aínda que decida non asistir.
9. O pago pendente de calquera actividade extraescolar ou de comisión infantil **IMPLICA NON PODER APUNTARSE A NINGUNHA OUTRA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO ANPA**
10. Ao facervos socios e sempre que o autoricedes, os nenos/nenas terán un seguro de accidentes para todas as actividades organizadas polo ANPA (extraescolares, talleres, servizo de almozos). **Para que o seguro se responsabilice dos gastos é imprescindible que o accidentado asista a un dos centros de referencia de Allianz**. Os monitores das diferentes actividades xa están informados do número de teléfono o que é preciso chamar. Se recollades o neno/nena da actividade e ten algunha doenza pedídlle o monitor que chame por teléfono o seguro.
11. Recordarvos que é importante que deades de alta a tódolos nenos que estean matriculados no colexio, aínda que algún deles non asistan a actividades. Faise socio a unidade familiar, se algún dos nenos non o temos rexistrado non poderá recibir o agasallo de final de curso
12. Organizamos coas distintas empresas que imparten as actividades unhas xornadas de demostración para a semana do 19 de setembro. O obxectivo é dar a coñecer as actividades e responder ás posibles dúbidas que teñades. O horario de ditas demostracións é:



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

	LUNS 19	MARTES 20	MÉRCORES 21	XOVES 22	VENRES 23
16:00	TALLER DE ARTE	NENOS	COCIÑA I	TEATRO	XADREZ
17:00	INICIACIÓN Ó FRANCÉS	INGLÉS/TRINITY	CAPOEIRA		BREAKDANCE
17:00 18:00	BALLET	ROBÓTICA	COCIÑA II	PREDEPORTE BALONCESTO	

3. UNIFORMES

RALPY

Ramón Y Cajal, 31 · 15006 La Coruña

981 113 026 - tienda@uniformescolaresralpy.com

	T2 – T8	T10 – T14
CHANDAL	39,95€	41,95€
PANTALÓN CHANDAL	16,95€	19,95€
CHAQUETA CHANDAL	23,95€	24,95€
FALDA	33,95€	37,95€
SUDADERA CREMALLEIRA	22,95€	22,95€
SUDADERA SIN CREMALLEIRA	20,95€	20,95€
XERSEI	26,95€	26,95€
CHAQUETA	27,95€	27,95€
PANTALÓN BÁSICO	19,95€	20,95€
PANTALÓN CORTO BÁSICO	16,95€	17,95€
POLO MANGA LONGA	6,95€	7,95€
POLO MANGA CURTA	4,95€	5,95€
BABY	15,95€	Bordado nome +6€ Nome e apelido 6,50€
CAMISETA MANGA CURTA	3,75€	4,75€

Hai dous prazos para efectuar as reservas dos uniformes, o primeiro xa rematou o 30 de Xuño. O

- 2º prazo: Do 20 de Setembro ó 15 de Outubro. Esta reserva estará dispoñible en Novembro.

Os socios do ANPA poderán disfrutar dos seguintes descontos:

- Prendas deportivas (chándal e sudaderas, independentemente da talla) : 10% de desconto na segunda prenda
- Pantalón, falda ,chaqueta e xersei de punto e baby un 5% de desconto

Os socios presentarán documentación acreditativa de pertencer á ANPA xunto co DNI que acredite que é a mesma persoa que figura como socia cando efectúe a reserva das prendas, isto farase co carné de socio que se entregará coa inscrición de socio

4. ESTADO DAS CONTAS

Na reunión se proxectarán e comentarán os movementos da conta da ANPA e da conta de INFANTIL.



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

5. INFORMACIÓN SOBRE OS ALMORZOS

O servizo de almorzo xestiónase a través do ANPA. O servizo contrátase á empresa ANA NAYA EIRAS, que será a encargada do coidado dos rapaces durante o horario do almorzo.

O horario do almorzo será dende as 07:15 ata as 09:00. Os alumnos que almorcen no centro deben chegar antes das 08:15 horas, os nenos que cheguen máis tarde desta hora deberán vir almorzados da casa.

Os usuarios do servizo deberán traer da casa tódolos días o necesario para o seu aseo bucal.

O menú será o mesmo para tódolos alumnos.

Servizo de permanencia: Tamén dispoñedes do servizo de permanencia. Este servizo consiste en deixar aos nenos e nenas ás 8.30 da mañá, xa almorzados, e una persoa encargarse do seu coidado ata as 9.00 da mañá.

Os prezos son:

SOLICITUDE: MARCAR A QUE CORRESPONDA					
ALMORZOS 07:15 a 09:00 horas	MES COMPLETO	↓ SOCIO		↓ NON SOCIO	
		1º Irmán	47 €	1º Irmán	52 €
		2º Irmán	45 €	2º Irmán	50 €
	ESPORÁDICO	4,40 €		8,80 €	
PERMANENCIA 08:30 a 09:00 horas	MES COMPLETO	1º Irmán	15 €	1º Irmán	20 €
		2º Irmán	14 €	2º Irmán	19 €
	ESPORÁDICO	1,50 €		3 €	

I.V.E. INCLUIDO, e será aplicado según a lexislación vixente.



A.N.P.A. VILABOIA

C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA

Rúa Calzada, s/n.

15174 VILABOIA - CULLEREDO (A Coruña)

Teléfono: 981 666 926

e-mail: anpa.vilaboa@gmail.com

6. COMISIÓN INFANTIL

Estimadas familias:

Informámosvos que segundo se ven facendo neste colexio no ciclo de educación infantil, realizarase a compra de material escolar e alimentos (merenda de media mañá: froita e galletas) para os nen@s deste ciclo de xeito conxunto. Co fin de que sexan os mesmos para tod@s @s nen@s, disminuindo así as diferenzas entre eles, facilitando a adquisición deses produtos aos pais/nais e fomentando os valores de igualdade, solidariedade e educación para a saúde. Asimesmo con estes cartos adquirense outros beneficios para @s nos@s fill@s, merendas especiais en datas sinaladas (entroido, nadal, fin de curso...), a visita dos reis magos, a orla de fin de curso de infantil...

A aportación pola compra destes conceptos será de 50€ por ano e nen@, o pago pode facerse de dous xeitos:

1º- Nunha única cota que será abonada antes do 23 de setembro.

2º- En dúas cotas de 25€ cada unha, sendo o primeiro pago efectuado antes de 23 de setembro, e o segundo antes do 17 de febreiro.

O NÚMERO DE CONTA aberto en ABANCA para estes ingresos é o seguinte:

IBAN ES88 2080 - 0065 - 33 - 3040008637

No resgardo do recibo de ABANCA deberá figurar no apartado de CONCEPTO o NOME E APELIDOS DO ALUMN@.

Os pais/nais que non pagaran esta aportación no curso pasado ou que teñen calqueira débeda co ANPA (actividades, cuotas...) perderán o dereito de disfrutar deste servizo ata que liquiden dita débeda. Ata que iso ocorra deberán traer o MATERIAL ESCOLAR DOS SEUS FILL@S (según listado facilitado polas titoras) E A MERENDA DOS NEN@S DIARIAMENTE.

Agradecemosvos de antemán a vosa colaboración e estamos á vosa disposición para aclarar calqueira dúbida ou suxestión, tanto na oficina da ANPA, como a través do noso mail (anpa.vilaboa@gmail.com) ou o noso teléfono (**981.666.926**).

Un cordial saúdo:

Comisión de pais/nais de educación infantil